



## Guía Docente

| Datos Identificativos |   |                    |                               |          | 2019/20 |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------------|----------|---------|
| Asignatura (*)        | Prácticum 1   | Código             | 750G02033                     |          |         |
| Titulación            | Grao en Podoloxía   |                    |                               |          |         |
| Descritores           |   |                    |                               |          |         |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                          | Créditos |         |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria                   | 12       |         |
| Idioma                | CastelánGalegoInglés  |                    |                               |          |         |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                               |          |         |
| Prerrequisitos        |   |                    |                               |          |         |
| Departamento          | Ciencias da Saúde   |                    |                               |          |         |
| Coordinación          | Alonso Tajés, Francisco   | Correo electrónico | francisco.alonso.tajes@udc.es |          |         |
| Profesorado           |   |                    | Correo electrónico            |          |         |
| Web                   | moodle.udc.es   |                    |                               |          |         |
| Descrición xeral      | <p>O Prácticum consiste en prácticas clínicas que se desenvolverán principalmente na Clínica Universitaria de Podoloxía da Universidade da Coruña co fin de desenvolver as competencias que permitan ao alumnado incorporar á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da profesión podolóxica. Estas prácticas clínicas inclúen a participación do alumnado no proceso de atención podolóxica integral con pacientes reais, sempre baixo a supervisión dun profesional que guiará ao alumnado no proceso da aprendizaxe clínica. Tamén se desenvolverán outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos clínicos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes.</p> <p>Para cursar as materias do Prácticum os alumnos/as deben de obter previamente 90 créditos da primeira metade do plan de estudos, de entre os cales deben de obter obrigatoriamente os correspondentes ás materias de: Podoloxía Xeral, Biomecánica do membro inferior, Ortopodoloxía 1 e Ortopodoloxía 2, Quiropodoloxía 1 e Quiropodoloxía 2.</p> <p>Os contidos que se desenvolverán no Prácticum I son: Método clínico en podoloxía. Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. Técnicas de exploración física. Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. Probas complementarias e a racionalización do seu uso. Diagnóstico e prognóstico. Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. Protocolos: execución e avaliación. Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica. Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. Calidade asistencial na práctica da podoloxía. Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</p> |                    |                               |          |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título   |
|--------|---|
| A36    | Integrar e aplicar na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante la carrera, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados. |
| A37    | Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía.   |
| A38    | Realizar a historia clínica podolóxica e rexistrar a información obtida.  |
| A39    | Desenvolver as técnicas de exploración física.  |
| A40    | Desenvolver a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.  |
| A41    | Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.  |
| A42    | Emitir un diagnóstico e pronóstico.   |



|     |  |
|-----|--|
| A43 | Deseñar o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.  |
| A46 | Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.  |
| A47 | Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.   |
| A48 | Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais.  |
| A49 | Establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.   |
| A50 | Prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e quirúrxicos.  |
| A51 | Elaborar e interpretar informes clínicos.  |
| A55 | Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía.  |
| A60 | Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.  |
| B2  | Resolver problemas de forma efectiva.  |
| B3  | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.  |
| B5  | Traballar de forma colaborativa.   |
| B6  | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.   |
| B7  | Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.   |
| B12 | Capacidade de xestión da información.  |
| B13 | Traballo en equipo de carácter interdisciplinar.   |
| B14 | Implicación na calidade e busca da excelencia.   |
| B16 | Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo.  |
| B18 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.   |
| B19 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.   |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |                         |    |
|--|-------------------------------------|-------------------------|----|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |                         |    |
| O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados, para o desenvolvemento da profesión podolóxica tanto en centros públicos como privados | A36<br>A60                          |                         | C4 |
| Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía, desenvolvendo a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos  | A37<br>A60                          | B2<br>B14<br>B16        |    |
| Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida; coñece e manexa os sistemas de rexistro de datos clínicos utilizados no proceso de atención podolóxica para o diagnóstico, tratamento e seguimento dos pacientes                                    | A38                                 | B7<br>B12               | C3 |
| Desenvolve as técnicas de exploración física adaptada ao motivo de consulta e ao diagnóstico de sospeita   | A39                                 | B2<br>B16<br>B19        |    |
| Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.  | A40                                 | B13<br>B14              |    |
| Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.  | A41                                 | B13<br>B19              |    |
| Emite un diagnóstico e prognóstico, mediante a análise dos resultados de todas as probas realizadas ao paciente (anamnesis, probas físicas e complementarias)..  | A41<br>A42                          | B2<br>B14<br>B18<br>B19 |    |



|   |                          |                       |          |
|---|--------------------------|-----------------------|----------|
| Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico para unha intervención terapéutica eficaz das afeccións dos pacientes, valorando todas as posibles opcións dos diferentes campos terapéuticos podolóxicos   | A43<br>A50<br>A55<br>A60 | B2<br>B3<br>B6<br>B19 |          |
| Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos, aprendendo a manexar o instrumental quiropodolóxico así como os materiais terapéuticos ortoprotésicos e a maquinaria empregados para a fabricación e aplicación de tratamentos ortoprotésicos podolóxicos, e os equipos terapéuticos para a aplicación da terapia física | A46<br>A55               | B14<br>B19            |          |
| Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia propia, mantendo actualizados os coñecementos e técnicas para a súa aplicación   | A47                      | B2<br>B5<br>B13       |          |
| Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.  | A48<br>A49               | B7<br>B18             | C3       |
| Elabora e interpreta informes clínicos como parte do rexistro documental da clínica para o intercambio de información tanto co paciente como con outros profesionais  | A49<br>A51               | B7<br>B12<br>B18      | C3       |
| Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía, avaliando os resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica  | A55<br>A60               | B6<br>B14             | C4       |
| O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliála para redactar, expor e defender un informe científico, fomentando a lectura crítica de artigos científicos e a asistencia a sesións clínicas, cursos, xornadas e congresos co fin de manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.  | A60                      | B6<br>B14             | C3<br>C4 |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| Método clínico en podoloxía. Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. Técnicas de exploración física. Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. Probas complementarias e a racionalización do seu uso. Diagnóstico e prognóstico. Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. Protocolos: execución e avaliación. Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica. Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. Calidade asistencial na práctica da podoloxía. Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas | <p>El Prácticum I consiste na aplicación dos coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais.</p> <p>Todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o segundo cuatrimestre do 3er curso de grao son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumnado que cursa a materia de Prácticum I, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación da práctica clínica.</p> |



| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Portafolios do alumno  | A48 A49 A51 B5 B6<br>B12 C3 C4 C5  | 0                                       | 58                      | 58           |
| Prácticas clínicas     | A36 A37 A38 A39<br>A40 A41 A42 A43<br>A46 A47 A50 A55<br>A60 B2 B3 B7 B13<br>B14 B16 B18 B19 | 240                                     | 0                       | 240          |
| Atención personalizada |  | 2                                       | 0                       | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías          |   |
|-----------------------|---|
| Metodoloxías          | Descrición  |
| Portafolios do alumno | <p>Esta parte do Prácticum I consistirá no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica (elaboración da historia clínica, interpretación de probas complementarias, elaboración de informes, etc.) para o desenvolvemento de competencias como emitir un diagnóstico e un pronóstico, interpretar os resultados das probas complementarias ou manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes, mediante a lectura crítica e a discusión de publicacións científicas.</p> <p>Para o curso 2019/2020 as actividades que conformarán o portafolio do alumno/a serán:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Elaboración dun vídeo tutorial como ferramenta de transferencia de coñecemento dirixido a estudantes e profesionais da podoloxía</li> <li>2. Cumprimentar a actividade do Seminario de actuación en situacións de emerxencia e administración de medicamentos</li> </ol> <p>Todas as actividades propóranse na plataforma Moodle e estarán dispoñibles ao comezo do cuadrimestre no que se cursa o Prácticum I. Especificarase para cada actividade o obxectivo/s, proporcionando información do formato ou modelo a seguir, os apartados a cubrir, de ser o caso, a extensión mínima/máxima da actividade (de ser oportuno) ou a documentación ou referencias necesarias para realizar a actividade. Establecerase unha data límite común para a entrega de todas as actividades.</p>  |
| Prácticas clínicas    | <p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes reais que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e nos servizos hospitalarios de Dermatoloxía. O alumno/a participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Atendendo á participación gradual do alumno/a en a práctica, estableceranse actividades relacionadas coas competencias a adquirir nas que quedará delimitado se o alumno/a deberá saber facer con competencia, saber facer baixo supervisión e instrución, ou soamente coñecer o procedemento mediante a observación da súa realización por parte do profesor/a.</p> <p>Ao comezo do Prácticum I o alumno/a disporá a través da plataforma Moodle dun documento baixo o nome de ?ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I?, no que atopará información específica e detallada sobre os obxectivos, contidos e competencias a adquirir durante as prácticas clínicas e o seu grao de adquisición, a composición dos grupos, os títulos/as asignados a cada grupo, e o cronograma cos rotatorios de prácticas dos diferentes servizos así como o calendario das probas prácticas de cada rotatorio.</p> |



## Atención personalizada

| Metodoloxías          | Descrición   |
|-----------------------|--|
| Portafolios do alumno | A atención personalizada desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor/a. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías", ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes de Moodle, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia. |

## Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
|--------------|---------------------------|------------|---------------|



|                           |   |   |
|---------------------------|---|---|
| <p>Prácticas clínicas</p> | <p>A36 A37 A38 A39<br/>A40 A41 A42 A43<br/>A46 A47 A50 A55<br/>A60 B2 B3 B7 B13<br/>B14 B16 B18 B19</p> | <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para todo o alumnado independentemente da súa modalidade de matrícula.</p> <p>Poderase optar a superar o Prácticum I con ausencias xustificadas baixo os seguintes supostos:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Un máximo de 3 ausencias xustificadas sen penalización na cualificación</li><li>2. Desde a 4ª á 7ª ausencia xustificada penalizarase con 0.25 puntos por ausencia na cualificación da avaliación continua do rotatorio no que se produza a ausencia</li></ol> <p>* Non computarán como faltas aquelas actividades formativas (xornadas, congresos ou cursos) que, estando previstas e organizadas pola UDC, teñan interese formativo para o alumnado do Prácticum I.</p> <p>A partir de 8 faltas xustificadas (incluída a 8ª) ou de calquera número de faltas sen xustificar, non se poderá optar a superar o Prácticum na matrícula do curso corrente.</p> <p>A motivación xustificada das faltas será a contemplada para os procesos de avaliación no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC.</p> <p>Calquera suposto que se presente no límite da presente norma poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en vigor, debendo adoptar unha resolución por unanimidade e a condición de que o alumno/a demostrase a adquisición das competencias superando os requisitos de avaliación previstos para o Prácticum I.</p> <p>A avaliación das prácticas clínicas consiste na avaliación das competencias a adquirir polo alumno/a en o Prácticum I tendo en conta o carácter gradual de adquisición das mesmas segundo quedará recollido no ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I.</p> <p>A cualificación das prácticas clínicas obtense do sumatorio das cualificacións parciais nos diferentes rotatorios en avaliación continua e dos exames prácticos ao final de cada rotatorio en función da seguinte distribución porcentual:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Rotatorio do Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía: 35% da cualificación final repartida ao 50% entre a avaliación continua e o exame práctico final</li><li>? Rotatorio do Servizo de Biomecánica e Ortopodoloxía: 35% da cualificación final repartida ao 50% entre a avaliación continua e o exame práctico final</li><li>? Rotatorio do Servizo de Dermatoloxía: 10% da cualificación final repartida no 75% da avaliación continua e un 25% para a resolución de caso clínico</li></ul> <p>Para superar a materia é requisito indispensable superar o 50% da cualificación da avaliación continua de cada un dos rotatorios e o 50% da cualificación de cada un dos exames prácticos.</p> <p>Na 2ª oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum I (5) debido á cualificación do Portafolio do alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame</p> |
|---------------------------|---|---|



práctico e/ou nova entrega de actividades de portafolio.

80

As cualificacións parciais de todos os ítems que conforman a avaliación do Prácticum I puntuaranse na escala 0-10 para posteriormente obter o seu peso porcentual correspondente na cualificación final.



|                       |                                   |   |    |
|-----------------------|-----------------------------------|---|----|
| Portafolios do alumno | A48 A49 A51 B5 B6<br>B12 C3 C4 C5 | <p>As actividades do Portafolio forman parte da cualificación final da materia de maneira sumativa á cualificación das prácticas clínicas. A súa realización é obrigatoria pero non existe unha puntuación mínima que condicione a superación do Prácticum I, establecéndose como requisito mínimo para superar a materia presentar o total das actividades propostas no tempo e a forma previstas para iso.</p> <p>A elaboración do vídeo tutorial computará un 75% do peso da calificación do portafolio, mentres a calificación do Seminario de actuacións en situacións de emerxencia e administración de medicamentos, computará un 25%.</p> <p>As actividades serán supervisadas e avaliadas polo titor/a que quede asignado a cada grupo, sendo cada titor/a responsable da cualificación e revisión da mesma.</p> | 20 |
|-----------------------|-----------------------------------|---|----|

## Observacións avaliación

**Matrícula de Honra:** A cualificación de Matrícula de honra (MH) será outorgada automaticamente a aqueles alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final. No caso de que exista maior número de alumnos/as que matrículas de honra poidan ser asignadas á materia, convocarase aos alumnos/as en disposición de obter devandita cualificación e realizarase unha probaba específica de características similares ás dos exames prácticos para determinar a súa asignación final. Nos casos nos que a cualificación final sexa superior a 9.0 poderase outorgar a cualificación de MH. Para iso o conxunto do profesorado con docencia no Prácticum I valorará a posibilidade de outorgar dita MH tendo en conta as aptitudes e actitudes do alumno/a a condición de que o sea otorgación non supoña superar a cota de MH establecida pola normativa vixente unha vez outorgadas as MH os alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final.

**Repetición de Prácticum I:** Non superar o requisito mínimo establecido para a cualificación da avaliación continua dalgún dos rotatorios, non superar algún dos exames prácticos entre as 2 oportunidades, ou non alcanzar a cualificación final mínima de 5 no sumatorio de todos os ítems de avaliación previstos para o Prácticum I entre as dúas oportunidades da convocatoria, suporá a non superación da materia e a repetición íntegra das prácticas en segunda matrícula e posteriores.

**Non presentado:** A ausencia a máis do 30% das prácticas ou a algún dos exames prácticos suporá automaticamente unha cualificación de Non Presentado

**Alumnado de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral):** A cualificación do alumnado de mobilidade realizarase só pola avaliación continua nos rotatorios. No caso de suspenso na mesma, poderán superar a materia superando as probas prácticas do rotatorio suspenso.

**Mentores ERASMUS e Bilateral:** Ao comezo da materia proporase a todo o alumnado a posibilidade de, voluntariamente, participar como mentores/as do alumnado. De se presentar máis voluntarios/as dos necesarios, farase una selección pola nota do expediente académico, tendo en conta, de ser o caso, a certificación oficial de coñecemento do idioma do alumnado de mobilidade (segundo o nivel del coñecemento do idioma engadirase a nota do expediente de 0,5 a 3 puntos). A participación como mentor sumará ata 0,5 puntos á cualificación final da materia do alumnado mentor.

**PLAXIO.** Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

## Fontes de información





|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básicas e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información para consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas no Prácticum. No entanto, existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta durante a práctica clínica do día a día e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía. Un exemplo destas fontes documentais de uso cotián: Backup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007 Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 6ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2017 Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997 Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 4ª ed. España: Eviescience; 2009 Olazabal JC et al. AVERROES manual de tesarpia en atención primaria. 1ª ed. España: EviScience; 2013 Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la Evidencia. 3ª ed. Madrid: Elsevier; 2006 Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 4ª ed. Barcelona: Masson; 2014 Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 24ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2019 Turner WA, Merriman LM (2007) Habilidades Clínicas para el tratamiento del pie. Madrid: Elsevier</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001  
 Anatomía específica do membro inferior/750G02002  
 Fisioloxía xeral/750G02003  
 Fisioloxía de sistemas/750G02004  
 Bioloxía/750G02005  
 Psicoloxía/750G02006  
 Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007  
 Patoloxía xeral/750G02008  
 Farmacoloxía/750G02009  
 Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010  
 Método científico e Saude Pública/750G02011  
 Podoloxía xeral/750G02012  
 Biomecánica do membro inferior/750G02013  
 Radiodiagnóstico e Radioprotección/750G02014  
 Podoloxía Preventiva/750G02015  
 Ortopodoloxía 1/750G02017  
 Ortopodoloxía 2/750G02018  
 Ortopodoloxía 3/750G02019  
 Patoloxía Podolóxica 1/750G02021  
 Patoloxía Podolóxica 2/750G02022  
 Dermatoloxía/750G02026  
 Quiropodoloxía 1/750G02027  
 Quiropodoloxía 2/750G02028  
 Cirugía Podolóxica 1/750G02029  
 Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ortesiología dixital e calzadoterapia/750G02020  
 Podoloxía Física/750G02023  
 Cirugía Podolóxica 2/750G02030



## Materias que continúan o temario

Prácticum 2/750G02034

Prácticum 3/750G02035

## Observacións

Lémbrese que para poder realizar o Practicum I o alumno/a debe de superar 90 créditos ECTS da titulación entre os cales deben de estar obrigatoriamente os das seguintes materias claves: Podoloxía Xeral, Biomecánica, Ortopodología I, Ortopodología II, Quiropodología I e Quiropodología II. O Practicum I é materia chave á súa vez para o Practicum II e Parcticum III

Todos os asuntos relacionados coa organización e planificación da materia deben de ser remitidos ao correo do profesor coordinador da materia falonso@udc.gal

Recomendacións

Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de Xénero

Os traballos documentais do portafolio solicitaranse en formato informático

Toda a información da organización do Prácticum I estará disponible en Moodle en formato PDF para ser descargada ou consultada en liña sen necesidade de realizar a impresión de esta. No caso de ter que imprimila recoméndase:

- Impresións a dobre cara
- Empregar papel reciclado

Como parte dos valores do Practicum I traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, así como facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

É recomendable facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural (por exemplo, evitar mercar botellas de auga de plástico ou empregar unha para encher de auga da fonte da clínica universitaria)

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías